



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 18 DE XANEIRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00002635T

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. Cadro de prezos de Viaqua para o ano 2022.

Apróbase o cadro de prezos de acometidas de abastecemento e saneamento para o ano 2022 a executar pola empresa VIAQUA, Gestión integral de Aguas de Galicia, S.A.U.

3. Adxudicación do Servizo de recollida de lixos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela. LOTE I e LOTE II ás empresas URBASER SA e COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL.

Acórdase:

-Proceder á corrección do erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno do 19 de abril de 2021 polo que se aproba o expediente de licitación denominado: "Servizo de recollida de lixos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela. LOTE I e LOTE II" de xeito que Onde di:

"O IVE correspondente (10% das cantidades anteriores) ascende a 90.406,71 euros e 4.169,56 euros, respectivamente"

Debe dicir:

"O IVE correspondente (10% das cantidades anteriores) ascende a 9.040.671,20 euros e 4.169,56 euros, respectivamente."

-Adxudicar o contrato que ten por obxecto a prestación do "Servizo de recollida de lixos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela. LOTE I e LOTE II" ás empresas:

LOTE I

URBASER SA con CIF A-79524054 por un importe de 83.011.450,00 euros máis IVE 10%: 8.301.145,00 euros.

LOTE II

COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL con CIF: B- 15467962 por un importe de 4.143.533,65 euros máis IVE 10% 414.353,37 euros.

A duración do contrato é ata o 2031 (incluído).